


Sorteo de debuxos infantil

TEO DEBÚXASE DESDE A CASA

Do 11 ao 31 de maio



Os nenos e nenas ata os 12 anos empadroados no concello, que desexen participar neste sorteo, deben enviar unha foto dixital tomada dalgún cartel creado por eles con debuxos de animo neste tempo de confinamento. Pódese empregar calquera tipo de material co único requisito de que sexa unha imaxe positiva acompañada do cancelo #teodebuxosdesdeacasa e #auladiainternet que deberedes pendurar neste apartado específico do Facebook da Aula de Informática <https://n9.cl/sxze8> . Non vos olvidedes de poñer o voso nome e idade e lembra que a foto sexa publica!!!

As fotos con máis LIKES serán as gañadoras e optaran ó PREMIO de TRES FANTÁSTICOS LOTES DE MATERIAL DE ARTES PLÁSTICAS(por exemplo: rotuladores, cartolinas, lápices, plastilina,...) que serán mercados nas librerías do Concello para axudalas nestes difíciles momentos.

Con todos os traballos que se presenten realizárase unha exposición na Aula de Informática a finais do mes de xuño (se as condicións o permiten).

!!!Dálle paso á túa creatividade!!!

NO FACEBOOK DA AULA DE INFORMÁTICA

BASES DO SORTEO

*Cada usuario pode presentar tantas fotos de debuxos como desexe e poida realizar durante o tempo marcado.

* O creador da foto deberá proporcionar un nome ou pseudónimo de usuario e a súa idade, para ser contactado no caso de ser o gañador (neste momento tamén se comprobara que estea empadroado no Concello).

* Non se terán en conta fotos cuxo contido ou temática no teña relación coa temática proposta. Tampouco se terán en consideración fotos e texto con contido violento, sexual, racista ou xenófobo, ou de calquera tipo que poida atentar contra os Dereitos Humanos ou a dignidade das persoas.

*Tosdos os traballos recibidos penduráranse nun álbum de fotos na páxina de Facebook oficial da Aula de Informática. Os tres debuxos que o día 31 de maio ás 23:59 teñan máis gústame serán os gañadores.

* O fallo do sorteo farase público o luns 1 de xuño de 2020 na a páxina do Facebook da Aula sendo dito fallo inapelable. O sorteo poderá declararse deserto. Os organizadores poñeranse en contacto cos gañadores para a entrega dos premios, que se lle farán chegar á casa.

* Calquera falsidade ou irregularidade detectada nos datos proporcionados ou no texto e/ou foto presentados conlevará á exclusión na participación do Sorteo.

*Os participantes declaran expresamente que os traballos presentados son orixinais e teñen todo os dereitos sobre os mesmos. O Concello de Teo queda excluído de calquera responsabilidade derivada da utilización das imaxes presentadas si se demostra algunha falsidade ou irregularidade.

* O feito de participar no sorteo supón a cesión total expresa de todos os dereitos de propiedade sobre a foto e o texto e dos dereitos de publicación, reprodución e explotación ilimitada dos mesmos a favor do Concello.

* Aceptación das bases. O feito de concorrer ao presente sorteo supón a aceptación das súas bases e da súa resolución, e a renuncia a calquera tipo de reclamación.